

ANEXO I

TÁBOA DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS DE NIVEL C1

NOME: _____ **Gravadora:** _____ **Pista:** _____ **Ficha:** _____

PUNTUACIÓN: _____ / 25

Administrador/a: _____ **Avaliador/a:** _____

DATA: _____

EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN		FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
TAREFA 1	TAREFA 2			
<p>5 puntos</p> <p>Describe o tema principal de forma elaborada, integra subtemas e remata cunha conclusión eficaz. Organiza a intervención dunha forma lóxica e eficaz que axuda a fixarse nas ideas importantes e lembralas, con detalles e exemplos relevantes. Usa unha ampla variedade de estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión axeitadamente. Adopta un nivel de formalidade axeitado e natural.</p>	<p>5 puntos</p> <p>Trata o tema principal de forma precisa, resaltando matices e utilizando os textos como referencia. Expón a súa postura argumentando e contraargumentando de forma clara, ben organizada e convincente. Relaciona habilmente e con naturalidade a súa contribución coa dos interlocutores. Introduce as súas intervencións con naturalidade, facendo un uso eficaz da quenda de palabra. Adopta un nivel de formalidade axeitado e natural.</p>	<p>2,5 puntos</p> <p>Exprésase con moita fluidez e espontaneidade, sen esforzo ningún. Pronuncia de forma clara e moi natural. Varía a entoación e a énfase para expresar matices sutís de significado.</p>	<p>2,5 puntos</p> <p>Mostra un consistente dominio gramatical dun nivel de lingua complexo. Exprésase con corrección e case non presenta erros.</p>	<p>2,5 puntos</p> <p>Domina un repertorio léxico moi variado e preciso, case sen incorreccións. Exprésase sen limitacións, con naturalidade e flexibilidade, transmitindo diferentes matices de significado. Utiliza axeitadamente expresións fixas ou idiomáticas.</p>
4 puntos	4 puntos	2 puntos	2 puntos	2 puntos
<p>3 puntos</p> <p>Describe o tema principal de forma detallada, integra subtemas e remata cunha conclusión adecuada. Desenvolve as súas ideas, destacando aspectos importantes e apoiando os seus argumentos con detalles e exemplos relevantes. Usa estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión de maneira apropiada. Adopta un nivel de formalidade axeitado.</p>	<p>3 puntos</p> <p>Trata o tema principal de forma detallada, utilizando os textos como referencia. Expón a súa postura, responde a preguntas e comentarios e contraargumenta adecuadamente. Relaciona habilmente a súa contribución coa dos interlocutores. Introduce as súas intervencións de forma apropiada co fin de tomar a palabra ou gañar tempo para mantela mentres pensa. Adopta un nivel de formalidade axeitado.</p>	<p>1,5 puntos</p> <p>Exprésase con fluidez e espontaneidade, case sen esforzo. Pronuncia de forma clara e natural. Varía a entoación e a énfase para matizar o que quere dicir.</p>	<p>1,5 puntos</p> <p>Emprega unha variedade de recursos e estruturas morfosintácticas complexas. Presenta escasas incorreccións e, xeralmente, corríxeas cando aparecen.</p>	<p>1,5 puntos</p> <p>Usa con naturalidade un repertorio léxico amplo e preciso, aínda que presente incorreccións esporádicas. Supera con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios; apenas se nota que busca expresións ou que emprega estratexias de evitación.</p>
2 puntos	2 puntos	1 punto	1 punto	1 punto
<p>1 punto</p> <p>Describe o tema principal só de forma xeral. Expón as ideas de forma imprecisa ou pouco organizada. Usa un número limitado de mecanismos de cohesión. Adopta un nivel de formalidade axeitado en xeral.</p>	<p>1 punto</p> <p>Trata o tema principal de forma xeral, utilizando só algún dos textos como referencia. Dá a súa opinión e xustifícaa de forma imprecisa. Apenas se refire ás contribucións dos interlocutores. Inicia e mantén as intervencións con dificultade. Adopta un nivel de formalidade axeitado en xeral.</p>	<p>0,5 puntos</p> <p>Exprésase con certa fluidez, aínda que con algunha pausa longa. Pronuncia de forma clara en xeral. Apenas varía a entoación.</p>	<p>0,5 puntos</p> <p>Usa recursos e estruturas morfosintácticas sinxelas. Comete erros que só corríxe ocasionalmente.</p>	<p>0,5 puntos</p> <p>Usa un léxico bastante amplo sobre temas xerais, con incorreccións. Presenta vacilacións ou circunloquios debido ás súas deficiencias léxicas, aínda que non dificultan a comunicación.</p>
0	0	0	0	0
<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>	<p>Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.</p>
Tarefa 1: _____ /5	Tarefa 2: _____ /5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5

	EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN	FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
T A R E F A 1				
T A R E F A 2				